Que está suxeita ao Marco nacional temporal de Ucraína, aprobado pola Comisión Europea na súa Decisión S.A.102771 (2022/N) e declara que:

- Se viu afectada economicamente polas consecuencias derivadas da invasión de Ucraína, polas sancións impostas pola comunidade internacional contra Rusia e polas contramedidas adoptadas por esta.
 Non se solicitou nin se concedeu ningunha axuda en aplicación deste marco nacional temporal ou do Marco temporal Ucraína.
 Si se solicitou e/ou concedeu outras axudas en aplicación deste marco nacional temporal ou do Marco temporal europeo Ucraína, que son as que a seguir se relacionan:

ORGANISMO	ANO	DISPOSICIÓN REGULADORA	IMPORTE (€)


Así mesmo, comprométese a comunicar inmediatamente cantas axudas solicite e/ou obteña en réxime *de minimis* doutras administracións públicas ou doutros entes públicos, nacionais ou internacionais, a partir da data desta declaración.

Non foi sancionada pola Unión Europea como consecuencia da invasión de Ucraína.

- Que está suxeita ao Regulamento (UE) nº 1407/2013 da Comisión, de 18 de decembro de 2013, relativo á aplicación dos artigos 107 e 108 do Tratado de funcionamento da Unión Europea ás axudas *de minimis*, e declara que, nos últimos tres anos:

- Non se solicitou nin se concedeu ningunha axuda para la mesma actuación ou finalidade que a solicitada no contexto do presente programa de axudas.
 Si se solicitou e/ou concedeu axudas para a mesma actuación ou finalidade que a solicitada no contexto do presente programa de axudas, que son as que a seguir se relacionan:

ORGANISMO	ANO	DISPOSICIÓN REGULADORA	IMPORTE (€)

 **SEDE ELECTRÓNICA** Este formulario só poderá presentarse nas
<https://sede.xunta.gal> formas previstas na súa norma reguladora

CVE-DOG: c4vxe7e4-h4r6-ksr0-n6v4-tcvd482etnx4


**XUNTA
DE GALICIA**


ISSN1130-9229

Depósito legal C.494-1998

<https://www.xunta.gal/diario-oficial-galicia>


**XUNTA
DE GALICIA**
**CONSELLERÍA DE
INFRAESTRUTURAS
E MOBILIDADE**
**ANEXO XII
(continuación)**
DOCUMENTACIÓN QUE SE PRESENTA OU XA PRESENTADA CON ANTERIORIDADE

- Conta xustificativa simplificada do pagamento, de conformidade co anexo III do Real decreto 902/2022, achegando os xustificantes de gasto, conforme o previsto no artigo 30 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, e no título II do seu Regulamento de desenvolvemento, que conterá unha memoria e que incluírá a seguinte documentación:
- Detalle técnico e funcional das solucións instaladas e prestadas e os seus custos de conformidade co Acordo de prestación das solucións de modernización.
- Acreditación do cumprimento da actividade subvencionada, segundo os requisitos que se establecen no anexo I do Real decreto 902/2022.
- Factura emitida polo provedor de solucións de modernización adherido e a documentación acreditativa do seu abono.
- Conformidade expresa do destinatario último das solucións instaladas e prestadas.
- Probas pertinentes acerca do cumprimento das obrigas de publicidade que se recollen no artigo 28 do Real decreto 902/2022.
- Documentación adicional específica para a categoría 1 (código de procedemento IF325A):
- Documentos contidos no punto 1 do número 2 «Documentación requirida para xustificar a actuación realizada» do anexo III do Real decreto 902/2022, do 25 de outubro, ou normativa que o desenvolva ou modifique.
- Documentación adicional específica para a categoría 2 (código de procedemento IF325B):
- Documentos contidos no punto 2 do número 2 «Documentación requirida para xustificar a actuación realizada» do anexo III do Real decreto 902/2022, do 25 de outubro, ou normativa que o desenvolva ou modifique.
- Documentación adicional específica para a categoría 3 (código de procedemento IF325C):
- Documentos contidos no punto 3 do número 2 «Documentación requirida para xustificar a actuación realizada» do anexo III do Real decreto 902/2022, do 25 de outubro, ou normativa que o desenvolva ou modifique.
- Documentación adicional específica para a categoría 4 (código de procedemento IF325D):
- Documentos contidos no punto 4 do número 2 «Documentación requirida para xustificar a actuación realizada» do anexo III do Real decreto 902/2022, do 25 de outubro, ou normativa que o desenvolva ou modifique.
- Documentación adicional específica para a categoría 5 (código de procedemento IF325E):
- Documentos contidos no punto 5 do número 2 «Documentación requirida para xustificar a actuación realizada» do anexo III do Real decreto 902/2022, do 25 de outubro, ou normativa que o desenvolva ou modifique.
- Documentación adicional específica para a categoría 6 (código de procedemento IF325F):
- Documentos contidos no punto 6 do número 2 «Documentación requirida para xustificar a actuación realizada» do anexo III do Real decreto 902/2022, do 25 de outubro, ou normativa que o desenvolva ou modifique.
- Documentación adicional específica para a categoría 7 (código de procedemento IF325G):
- Documentos contidos no punto 7 do número 2 «Documentación requirida para xustificar a actuación realizada» do anexo III do Real decreto 902/2022, do 25 de outubro, ou normativa que o desenvolva ou modifique.
- Documentación adicional específica para a categoría 8 (código de procedemento IF325H):
- Documentos contidos no punto 8 do número 2 «Documentación requirida para xustificar a actuación realizada» do anexo III do Real decreto 902/2022, do 25 de outubro, ou normativa que o desenvolva ou modifique.
- Documentación adicional específica para a categoría 9 (código de procedemento IF325I):
- Documentos contidos no punto 9 do número 2 «Documentación requirida para xustificar a actuación realizada» do anexo III do Real decreto 902/2022, do 25 de outubro, ou normativa que o desenvolva ou modifique.

 **SEDE ELECTRÓNICA** Este formulario só poderá presentarse nas
<https://sede.xunta.gal> formas previstas na súa norma reguladora

CVE-DOG: c4vxe7e4-h4r6-ksr0-n6v4-tcvd482etmx4


**XUNTA
DE GALICIA**

ISSN1130-9229


Depósito legal C.494-1998

<https://www.xunta.gal/diario-oficial-galicia>


**XUNTA
DE GALICIA**
**CONSELLERÍA DE
INFRAESTRUTURAS
E MOBILIDADE**
**ANEXO XII
(continuación)**

COMPROBACIÓN DE DATOS	
Os documentos relacionados serán obxecto de consulta ás administracións públicas. No caso de que as persoas interesadas se opoñan a esta consulta, deberán indicalo no recadro correspondente e achegar unha copia dos documentos.	OPÓÑOME Á CONSULTA
DNI/NIE da persoa solicitante	<input type="checkbox"/>
DNI/NIE da persoa representante	<input type="checkbox"/>
CONSENTIMENTO PARA A COMPROBACIÓN DE DATOS A persoa interesada autoriza a consulta a outras administracións públicas dos seguintes datos. De non autorizar a consulta, deberá achegar o documento correspondente.	AUTORIZO A CONSULTA
NIF da entidade solicitante	<input type="radio"/> Si <input type="radio"/> Non
NIF da entidade representante	<input type="radio"/> Si <input type="radio"/> Non

INFORMACIÓN BÁSICA SOBRE A PROTECCIÓN DE DATOS PERSOAIS	
Responsable do tratamento	Xunta de Galicia - Consellería de Infraestruturas e Mobilidade
Finalidades do tratamento	A tramitación administrativa que derive da xestión deste formulario e a actualización da información e contidos da Carpeta cidadá.
Lexitimación para o tratamento	O cumprimento dunha misión realizada en interese público ou no exercicio de poderes públicos derivada dunha competencia legalmente atribuída ao responsable do tratamento, así como o cumprimento de obrigas legais impostas ao dito responsable (artigo 6.1, letras c) e e) do RXPd e 8 da Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais). En concreto, a competencia e as obrigas previstas nos preceptos básicos da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, así como na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, e na Lei 4/2019, do 17 de xullo, de administración dixital de Galicia.
Destinatarias dos datos	As administracións públicas no exercicio das súas competencias, cando sexa necesario para a tramitación e resolución dos seus procedementos ou para que as persoas interesadas podan acceder de forma integral á información relativa a unha materia. A Dirección Xeral de Política Financeira, Tesouro e Fondos Europeos da Consellería de Facenda coa finalidade de realizar a xestión, seguimento, información, control, coordinación e estudo da execución e avaliación dos programas operativos dos fondos procedentes da Unión Europea na súa condición de organismo intermedio dos programas operativos, en virtude das funcións atribuídas pola autoridade de xestión dos programas operativos segundo o disposto no artigo 125, número 2, artigo 140, número 3 a 5, e anexo XIII, número 3, do Regulamento (UE) nº 1303/2013, e as súas disposicións de desenvolvemento.
Exercicio de dereitos	As persoas interesadas poderán solicitar o acceso, rectificación, oposición, limitación, portabilidade e supresión dos seus datos ou retirar, de ser o caso, o consentimento outorgado a través da sede electrónica da Xunta de Galicia ou nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común, segundo se recolle en (https://www.xunta.gal/exercicio-de-dereitos)
Contacto coa persoa delegada de protección de datos e máis información	(https://www.xunta.gal/informacion-xeral-proteccion-datos)

 **SEDE ELECTRÓNICA** Este formulario só poderá presentarse nas formas previstas na súa norma reguladora
<https://sede.xunta.gal>

CVE-DOG: c4vx7e4-h4r6-ksr0-n6v4-icvd482etnx4


**XUNTA
DE GALICIA**

ISSN1130-9229

Depósito legal C.494-1998

<https://www.xunta.gal/diario-oficial-galicia>

**XUNTA
DE GALICIA****CONSELLERÍA DE
INFRAESTRUTURAS
E MOBILIDADE****ANEXO XII
(continuación)****LEXISLACIÓN APLICABLE**

- o Real decreto 902/2022, do 25 de outubro, polo que se aproba a concesión directa, ás comunidades autónomas e ás cidades de Ceuta e Melilla, de axudas para a modernización de empresas privadas de transporte de viaxeiros prestadoras de servizos de transporte por estrada e de empresas privadas que interveñen no transporte de mercadorías por estrada, no marco do Plan de recuperación, transformación e resiliencia-financiado pola Unión Europea-NextGenerationEU.
- o Orde do 17 de abril de 2023 pola que se convocan subvencións para a modernización de empresas privadas de transporte de viaxeiros prestadoras de servizos de transporte por estrada e de empresas privadas que interveñen no transporte de mercadorías por estrada, na Comunidade Autónoma de Galicia, no marco do Plan de recuperación, transformación e resiliencia, financiado pola Unión Europea-NextGenerationEU, xestionado polo Ministerio de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana para os anos 2023 e 2024 (códigos de procedemento IF325A, IF325B, IF325C, IF325D, IF325E, IF325F, IF325G, IF325H, IF325I e IF325J).

SINATURA DA PERSOA SOLICITANTE OU REPRESENTANTE

LUGAR E DATA

,

de

de

**Financiado por
la Unión Europea**
NextGenerationEU**GOBIERNO
DE ESPAÑA**
MINISTERIO
DE TRANSPORTES, MOBILIDAD
Y AGENDA URBANA**Plan de Recuperación,
Transformación y Resiliencia**

Dirección Xeral de Mobilidade

SEDE ELECTRÓNICA Este formulario só poderá presentarse nas
<https://sede.xunta.gal> formas previstas na súa norma reguladora

CVE-DOG: c4vxe7e4-h4r6-ksr0-n6v4-tcvd482etnx4

**XUNTA
DE GALICIA**

ISSN1130-9229

Depósito legal C.494-1998

<https://www.xunta.gal/diario-oficial-galicia>

ANEXO XIII
Acordo de prestación de solucións de modernización

REUNIDOS:

Dunha parte, ..., con DNI ..., como titular do órgano... /conselleiro/a delegado/a/ xerente/propietario/a da entidade..., con NIF ..., e domicilio fiscal en ..., actuando en nome e representación desta entidade, segundo acredita mediante escritura de poder outorgada con data ... ante o notario do Ilustre Colexio de, co número ... do seu protocolo, en diante, o destinatario último.

E doutra parte, ..., con DNI..., como titular do órgano... /conselleiro/a delegado/a/ xerente/propietario/a de a entidade , con NIF ..., e domicilio fiscal en ..., actuando en nome e representación desta entidade, segundo acredita mediante escritura de poder outorgada con data ... ante o notario do Ilustre Colexio de, co número ... do seu protocolo, en diante, o provedor de solucións de modernización adherido.

EXPOÑEN:

Que o Programa de axudas a autónomos e pemes para modernizar o transporte por estrada, se inclúe no compoñente 6 (Mobilidade sustentable, segura e conectada) do Plan de recuperación, transformación e resiliencia, aprobado polo Consello Ecofin a través da Decisión de execución do Consello (2021/0156).

Que este programa está regulado no Real decreto 902/2022, do 25 de outubro, polo que se aproba a concesión directa ás comunidades autónomas e ás cidades de Ceuta e Melilla de axudas para a modernización de empresas privadas de transporte de viaxeiros prestadoras de servizos de transporte por estrada e de empresas privadas que interveñen no transporte de mercadorías por estrada, no marco do Plan de recuperación, transformación e resiliencia-financiado pola Unión Europea-NextGenerationEU.

Así mesmo, estas axudas están reguladas na convocatoria pública de axudas da Comunidade Autónoma de Galicia, realizada mediante a Orde de 17 de abril 2023 pola que se convocan subvencións para a modernización de empresas privadas de transporte de viaxeiros prestadoras de servizos de transporte por estrada e de empresas privadas que interveñen no transporte de mercadorías por estrada, no marco do Plan de recuperación, transformación e resiliencia-financiado pola Unión Europea-NextGenerationEU, xestionado polo Ministerio de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana para os anos 2023 e 2024, publicada no DOG núm. do 82, de abril de 2023.



Estas axudas teñen como obxectivo incrementar a eficiencia das empresas e do sistema de transporte, mediante a dixitalización, a sustentabilidade, a conectividade, a renovación dos sistemas e a introdución de novas tecnoloxías no sector.

DECLARAN:

Primeiro. Que a Comunidade Autónoma de Galicia, mediante a Resolución do director xeral de Mobilidade (órgano concedente) do XX de XXXX de 202X, concedeu ao destinatario último, conforme o Real decreto 902/2022, do 25 de outubro, e a Orde do 17 de abril de 2023, pola que se convocan subvencións para a modernización de empresas privadas de transporte de viaxeiros prestadoras de servizos de transporte por estrada e de empresas privadas que interveñen no transporte de mercadorías por estrada, na Comunidade Autónoma de Galicia, no marco do Plan de recuperación, transformación e resiliencia-financiado pola Unión Europea-NextGenerationEU, xestionado polo Ministerio de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana, para os anos 2023 e 2024, unha subvención por un importe de XXXX euros, distribuídos da seguinte maneira:

– euros para implantar a solución de modernización detallada no anexo I do Real decreto 902/2022, do 25 de outubro, e no artigo 7 da Orde do 17 de abril de 2023

– euros para implantar a solución de modernización detallada no anexo I do Real decreto 902/2022, do 25 de outubro, e no artigo 7 da Orde do 17 de abril de 2023

Segundo. Que o provedor de solucións de modernización adherido está dado de alta no Rexistro Provedores de Solucións de Modernización do Ministerio de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana para a/s categoría/s de solución/s de modernización e con número de rexistro.....

Terceiro. Que o provedor de solucións de modernización adherido e o destinatario último negociaron e asinaron un contrato previo á subscripción deste acordo, con data XX de XXXX de 202X para a/s solución/s de modernización e

Cuarto. Que entre o provedor de solucións de modernización adherido e o destinatario último non existe vinculación nos supostos como os recollidos no artigo 68.2.a), b), d), e), f) e g) do Regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, seral de subvencións, aprobado polo Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, para os casos de subcontratación da actividade subvencionada.



Quinto. Que o provedor de solucións de modernización adherido e o destinatario último non forman parte do mesmo grupo empresarial.

Sexto. Que non concorre ningún dos supostos previstos no artigo 4 da Lei 10/2010, de prevención do branqueo de capitais.

Sétimo. Que o destinatario último non ten a/s solución/s de modernización e previamente instaladas.

Oitavo. Que o destinatario último non recibiu ningunha outra subvención, axuda, ingreso ou recurso que cubra o mesmo custo subvencionable establecido no presente acordo de prestación de solucións de modernización.

Noveno. Que o provedor de solucións de modernización adherido dispón dos coñecementos e medios necesarios para levar a cabo a implantación da/das solución/s de modernización que as partes desexan acordar.

Décimo. Que o destinatario último non ten en vigor máis dun acordo de prestación de solucións de modernización para a/s solución/s de modernización e

Undécimo. Que, en virtude do anterior, o provedor de solucións de modernización adherido desexa, libre e espontaneamente, comprometerse a implantar a/s solución/s indicada/s de acordo con o contrato asinado entre as partes.

CONSIDERANDO:

Que o dereito de cobramento que nace da resolución de concesión da subvención ao destinatario último se denomina «cheque moderniza», pola contía correspondente ás actuacións para as cales se concedeu a axuda e que se detallaron previamente.

Ambas as partes subscriben o presente acordo, suxeito en todo canto lle sexa aplicable ao Real decreto 902/2022, do 25 de outubro, e na orde de convocatoria, conforme as seguintes

ESTIPULACIÓNS:

Primeira. *Obxecto do acordo*

1.1. O presente acordo ten por obxecto regular as condicións de prestación do servizo entre o destinatario último e o provedor de solucións de modernización adherido para os



efectos que a seguir se expresan, segundo as condicións establecidas no Real decreto 902/2022, do 25 de outubro, e na orde de convocatoria, na resolución de concesión da axuda.

1.2. O provedor de solucións de modernización adherido prestará a/s solución/s de modernización e ao destinatario último, seguindo o orzamento e os documentos técnicos negociados entre as partes, así como o disposto no anexo I do Real decreto 902/2022, do 25 de outubro, e na orde de convocatoria.

1.3. Seguindo as peticións do destinatario último, e atendendo á negociación previa levada a cabo entre as partes no contrato anteriormente suscrito, o provedor de solucións de modernización queda obrigado a desenvolver e implantar a/s solución/s de forma que:

1.3.1. A prestación da solución de modernización estará composta das seguintes funcionalidades ou características mínimas (detalle do contido da actuación. Como mínimo deberá conter o detallado no anexo I do Real decreto 902/2022, do 25 de outubro, para a categoría de solución de modernización en cuestión):

-
-
-

1.3.2. A prestación da solución de modernización estará composta das seguintes funcionalidades ou características mínimas (detalle do contido da actuación. Como mínimo deberá conter o detallado no anexo I do Real decreto 902/2022, do 25 de outubro, para a categoría de solución de modernización en cuestión):

-
-
-

Segunda. *Prazo*

A prestación, por parte do provedor de solucións de modernización adherido, de todos os servizos asociados á dita/s solución/s de modernización realizarase antes do

CVE-DOG: c4vxe7e4-h4r6-ksr0-n6v4-tcvd482etnx4



(esta data terá que ser anterior a 12 meses despois da data da resolución de concesión da axuda ao destinatario último).

Terceira. *Importe*

3.1. En ningún caso o custo de adquisición dos servizos ou produtos poderá ser superior ao valor de mercado, de conformidade co disposto no artigo 31.1 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

3.2. Non se considerarán subvencionables o imposto sobre o valor engadido, o imposto xeral indirecto canario nin o imposto sobre a produción, os servizos e a importación que se devindiquen na adopción de solucións de dixitalización, de conformidade co artigo 31.8 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

3.3. O custo total da implantación da solución de modernización
é de euros, incluído o IVE por importe de euros. Deste importe:

3.3.1. Os custos subvencionables ascenden a euros, co seguinte detalle:

–

–

3.3.2. Os custos que corresponde abonar con fondos propios do destinatario último ascenden a euros.

3.4. O custo total de implantación da solución de modernización
é de euros, incluído o IVE por importe de euros. Deste importe:

3.4.1. Os custos subvencionables ascenden a euros, co seguinte detalle:

–

–

3.4.2. Os custos que corresponde abonar con fondos propios do destinatario último ascenden a euros.

(Este punto só sería de aplicación para aqueles casos en que o acordo se asine para máis dunha solución de modernización).

CVE-DOG: c4vxe7e4-h4r6-ksr0-n6v4-tcvd482etnx4



Cuarta. Forma de pagamento

4.1. O destinatario último cede ao provedor de solucións de modernización adherido o dereito ao cobramento («cheque moderniza») polos custos subvencionables da solución de modernización, e aboaralle ao provedor de solucións de modernización adherido euros, correspondentes á parte dos custos non cuberta polo «cheque moderniza» e aos custos non subvencionables.

4.2. O destinatario último cédelle ao provedor de solucións de modernización adherido o dereito á cobranza («cheque moderniza») polos custos subvencionables da solución de modernización, e aboaralle ao provedor de solucións de modernización adherido euros, correspondentes á parte dos custos non cuberta polo «cheque moderniza» e aos custos non subvencionables. (Este punto só sería de aplicación para aqueles casos en que o acordo se asine para máis dunha solución de modernización).

4.3. O provedor de solucións de modernización emitiralle ao destinatario último unha única factura polo importe total da solución de modernización contratada asociada ao acordo de prestación de solucións de modernización. O provedor de solucións de modernización adherido reflectirá na factura a redución no importe para abonar polo destinatario último, con respecto á contía da subvención concedida no «cheque moderniza».

4.4. «O cheque moderniza» non poderá facerse efectivo ata que o provedor de solucións de modernización adherido, en nome do destinatario último, e sendo este o responsable último, presente a documentación xustificativa da realización da actividade para a cal se concede a subvención e o órgano concedente considere xustificada a subvención.

Quinta. Obrigas das partes

5.1. O destinatario último e o provedor de solucións de modernización adherido deberán cumprir todas as obrigas recollidas para cada un deles no Real decreto 902/2022, do 25 de outubro, na orde de convocatoria, e na resolución de concesión da axuda.

5.2. O provedor de solucións de modernización adherido será o responsable das tarefas de xustificación da axuda, en virtude do establecido no Real decreto 902/2022, do 25 de outubro, e na orde pola que se convocan subvencións na Comunidade Autónoma de Galicia.

5.3. O provedor de solucións de modernización adherido colaborará co destinatario último nas actuacións de control que deriven da citada subvención.



5.4. As partes deberán notificar, tan pronto como teñan coñecemento diso, calquera posible circunstancia que poida afectar o cumprimento dalgunha das cláusulas establecidas neste acordo.

5.5. O destinatario último poñerá o presente acordo ao dispor do órgano da Comunidade Autónoma que concedese a subvención, xunto co contrato previo que formalizaron as partes.

5.6. No caso de que calquera das partes teña coñecemento de feitos que puidesen ser constitutivos de fraude, corrupción, conflito de intereses ou irregularidade en relación coas subvencións reguladas no Real decreto 902/2022, do 25 de outubro, e coa orde de convocatoria da Comunidade Autónoma de Galicia, poderá poñer os devanditos feitos en coñecemento da unidade de control interno do Ministerio de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana por medios electrónicos, a través da canle habilitada para o efecto polo Ministerio no seu portal web, ou ben, na súa falta, ao seguinte enderezo postal (en sobre pechado): unidade de control interno, Subdirección Xeral de Inspección dos Servizos e Atención ao Cidadán, Ministerio de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana, paseo da Castelá, 67, 28046 Madrid.

Sexta. Cumprimento do principio de non causar un dano significativo (DNSH)

6.1. As partes, responsablemente, comprométese a garantir o cumprimento do principio de non causar un dano significativo (DNSH) e garanten responsablemente:

6.1.1. Que as actividades que se desenvolven neste acordo non ocasionan un prexuízo significativo aos seguintes obxectivos ambientais, segundo o artigo 17 do Regulamento (UE) nº 2020/852 relativo ao establecemento dun marco para facilitar os investimentos sustentables mediante a implantación dun sistema de clasificación (ou «taxonomía») das actividades económicas ambientalmente sustentables:

- Mitigación do cambio climático: considérase que unha actividade causa un prexuízo significativo á mitigación do cambio climático se dá lugar a considerables emisións de gases de efecto invernadoiro (GEI).

- Adaptación ao cambio climático: considérase que unha actividade causa un prexuízo significativo á adaptación ao cambio climático se provoca un aumento dos efectos adversos das condicións climáticas actuais e das previstas no futuro, sobre si mesma ou nas persoas, na natureza ou nos activos.



- Uso sustentable e protección dos recursos hídricos e mariños: considérase que unha actividade causa un prexuízo significativo á utilización e protección sustentables dos recursos hídricos e mariños se vai en detrimento do bo estado ou do bo potencial ecolóxico das masas de auga, incluídas as superficiais e subterráneas, e do bo estado ecolóxico das augas mariñas.

- Economía circular, incluídos a prevención e a reciclaxe de residuos: considérase que unha actividade causa un prexuízo significativo á economía circular, incluídos a prevención e a reciclaxe de residuos, se xera importantes ineficiencias no uso de materiais ou no uso directo ou indirecto de recursos naturais; se dá lugar a un aumento significativo da xeración, incineración ou eliminación de residuos; ou se a eliminación de residuos a longo prazo pode causar un prexuízo significativo e a longo prazo para o ambiente.

- Prevención e control da contaminación á atmosfera, á auga ou ao solo: considérase que unha actividade causa un prexuízo significativo á prevención e ao control da contaminación cando dá lugar a un aumento significativo das emisións de contaminantes á atmosfera, á auga ou ao solo.

- Protección e restauración da biodiversidade e dos ecosistemas: considérase que unha actividade causa un prexuízo significativo á protección e restauración da biodiversidade e aos ecosistemas cando vai en gran medida en detrimento das boas condicións e a resiliencia dos ecosistemas, ou vai en detrimento do estado de conservación dos hábitats e as especies, en particular daqueles de interese para a Unión.

6.1.2. Que as actividades que se desenvolven neste acordo cumprirán a normativa ambiental vixente que resulte de aplicación.

6.1.3. Que as actividades que se desenvolven neste acordo non están excluídas para o seu financiamento polo plan ao cumpriren o principio DNSH conforme a Guía técnica sobre a aplicación do principio de «non causar un prexuízo significativo», en virtude do Regulamento relativo ao Mecanismo de recuperación e resiliencia (2021/C 58/01), a proposta de decisión de execución do Consello, relativa á aprobación da avaliación do Plan de recuperación e resiliencia de España e o seu correspondente anexo. As actividades excluídas son:

- Construción de refinarías de cru, centrais térmicas de carbón e proxectos que impliquen a extracción de petróleo ou gas natural, debido ao prexuízo ao obxectivo de mitigación do cambio climático.



- Actividades relacionadas cos combustibles fósiles, incluída a súa utilización ulterior, excepto os proxectos relacionados coa xeración de electricidade e/ou calor utilizando gas natural, así como coa infraestrutura de transporte e distribución conexas, que cumpran as condicións establecidas no anexo III da Guía técnica da Comisión Europea.

- Actividades e activos no marco do réxime de comercio de dereitos de emisión da UE (RCDE) en relación cos cales se prevexa que as emisións de gases de efecto invernadoiro que van provocar non se situarán por debaixo dos parámetros de referencia pertinentes. Cando se prevexa que as emisións de gases de efecto invernadoiro provocadas pola actividade subvencionada non van ser significativamente inferiores aos parámetros de referencia, deberá facilitarse unha explicación motivada respecto diso.

- Compensación dos custos indirectos do RCDE.

- Actividades relacionadas con vertedoiros de residuos e incineradoras. Esta exclusión non se aplica ás accións en plantas dedicadas exclusivamente ao tratamento de residuos perigosos non reciclables, nin nas plantas existentes, cando as ditas accións teñan por obxecto aumentar a eficiencia enerxética, capturar os gases de escape para o seu almacenamento ou utilización, ou recuperar materiais das cinzas de incineración, sempre que tales accións non supoñan un aumento da capacidade de tratamento de residuos das plantas ou a unha prolongación da súa vida útil. Estes pormenores deberán xustificarse documentalmente para cada planta.

- Actividades relacionadas con plantas de tratamento mecánico-biolóxico. Esta exclusión non se aplica ás accións en plantas de tratamento mecánico-biolóxico existentes, cando as ditas accións teñan por obxecto aumentar a súa eficiencia enerxética ou o seu reacondicionamento para operacións de reciclaxe de residuos separados, como a compostaxe e a dixestión anaerobia de biorresiduos, sempre que tales accións non supoñan un aumento da capacidade de tratamento de residuos das plantas ou a unha prolongación da súa vida útil. Estes pormenores deberán xustificarse documentalmente para cada planta.

- Actividades en que a eliminación a longo prazo de residuos poida causar danos ao ambiente.

6.1.4. Que as actividades que se desenvolven neste acordo non causan efectos directos sobre o medioambiente, nin efectos indirectos primarios en todo o seu ciclo de vida, entendendo como tales aqueles que poidan materializarse tras a súa finalización, unha vez realizada a actividade.



Sétima. Xustificación

7.1. A xustificación que realice o provedor de solucións de modernización ante a Comunidade Autónoma que concedese a subvención ao destinatario último terá que ser conforme co establecido no artigo 23 e no anexo III do Real decreto 902/2022, do 25 de outubro, e coa orde de convocatoria de axudas na Comunidade Autónoma de Galicia.

7.2. O provedor de solucións de modernización adherido, en nome do destinatario último, deberá presentar a xustificación das accións realizadas consistente na documentación exigida e demais probas admitidas en dereito, de ser o caso, nun prazo máximo de doce meses desde a data da resolución de concesión da subvención ao destinatario último.

7.3. No caso de que o destinatario último non cumprise, por medio do provedor de solucións de modernización adherido, coa obriga de xustificación establecida no precedente número, non se pagará a subvención correspondente ao «cheque moderniza», declarárase a perda do dereito á cobranza desta, e iniciárase o procedemento de reintegro correspondente, de ser o caso.

Oitava. Incumprimentos

8.1 O incumprimento dos requisitos e obrigas establecidos no presente acordo, no Real decreto 902/2022, do 25 de outubro, na orde de convocatoria das axudas e demais normas aplicables, así como das condicións particulares que, de ser o caso, se estableceron na correspondente resolución de concesión dará lugar, de ser o caso, logo do oportuno procedemento de reintegro, á obriga de devolver as axudas percibidas e os xuros de demora correspondentes, ou á perda de dereito á cobranza non exercida, conforme o disposto no título II, capítulo I, da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións. O destinatario último aboalle ao provedor de solucións de modernización adherido os custos en que se incorren no caso de incumprimento por causa do primeiro que motive a perda total ou parcial do dereito á cobranza asociada.

8.2. Será de aplicación o previsto no título IV da Lei 38/2003, do 17 de novembro, e no título IV do seu regulamento, se concorresen os supostos de infraccións administrativas en materia de subvencións e axudas públicas. As infraccións poderán ser cualificadas como leves, graves ou moi graves, de acordo cos artigos 56, 57 e 58 da citada Lei 38/2003, do 17 de novembro. A potestade sancionadora por incumprimento exercerase de acordo co establecido no artigo 66 da mesma lei.



8.3. O procedemento sancionador suxeitarase ao previsto na Lei 38/2003, xeral de subvencións e no seu regulamento, aprobado polo Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, así como na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común, e á Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, e será o órgano concedente o competente para a súa resolución.

Novena. Resolución de discrepancias

9.1. As partes, no cumprimento das estipulacións do presente acordo privado, actuarán en todo momento diligentemente e de boa fe. Cando xurda calquera discrepancia ou controversia entre as partes sobre a interpretación deste acordo, as partes deberán esforzarse para solucionarlas mediante negociacións.

9.2. Se as partes non logran resolver as discrepancias ou controversias mediante negociación, darase por terminado o acordo, e notificaráselle ao órgano da Comunidade Autónoma que concedese a subvención. O destinatario último aboaralle ao provedor de solucións de modernización adherido os custos en que se incorren.

Décima. Modificacións e terminación

10.1 O presente acordo non está suxeito a modificacións.

10.2. O destinatario último poderá desistir do acordo unha vez formalizado e validado, logo de notificación ao provedor de solucións de modernización adherido. No caso de que iniciase a prestación do servizo o provedor de solucións de modernización adherido, o destinatario último aboaralle ao provedor de solucións de modernización adherido os custos en que se incorrese. Deberase notificar a devandita desistencia ao órgano da Comunidade Autónoma que concedese a subvención.

10.3. No caso de que o provedor de solucións de modernización adherido perdesse a condición de provedor de solucións de modernización adherido ao programa durante a vixencia do presente acordo, comunicaralle ao destinatario último este feito, anularase o acordo formalizado, que se lle notificará ao órgano da Comunidade Autónoma que concedese a subvención. Nestes casos, o destinatario último poderá formalizar un novo acordo de prestación de solucións de modernización con outro provedor de solucións de modernización adherido. Sen prexuízo do anterior, no caso de que esta situación comporte un incumprimento dos requisitos e obrigas establecidos no Real decreto 902/2022, do 25 de outubro, e na orde de convocatoria das axudas da Comunidade Autónoma de Galicia, así



como das condicións particulares que, de ser o caso, se estableceron na correspondente resolución de concesión, será de aplicación o recollido na cláusula oitava do presente acordo.

Décimo primeira. *Entrada en vigor e duración*

11.1. Este acordo será válido e terá efectos unha vez que o órgano concedente da subvención se pronuncie sobre a súa conformidade. Así mesmo, no caso de que o destinatario último non recibise o pronunciamento de conformidade sobre o Acordo presentado no prazo de dez días hábiles, o devandito acordo será válido e terá efectos.

11.2. Este acordo continuará en vigor e será efectivo ata a súa terminación ou ata o (inclúase a data de terminación), o que ocorra antes.

Décimo segunda. *Exoneración de responsabilidades*

Mediante a sinatura deste acordo, ambas as partes determinan e pactan que tanto o Ministerio de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana como a Comunidade Autónoma de Galicia quedan eximidos de calquera tipo de responsabilidade derivada do presente acordo con relación ao Programa de axudas a autónomos e pemes para modernizar o transporte por estrada, máis aló do que determine o Real decreto 902/2022, do 25 de outubro, e a orde de convocatoria da Comunidade Autónoma de Galicia.

En virtude do cal, as partes recoñecen ler na súa totalidade o presente acordo, manifiestan comprendelo e aceptan obrigarse polos seus termos e condicións, así como polas condicións do Programa de axudas a autónomos e pemes para modernizar o transporte por estrada, establecidas no Real decreto 902/2022, do 25 de outubro e na Orde do 17 de abril de 2023 de convocatoria das axudas na Comunidade Autónoma de Galicia, constituíndo o completo e o total acordo das partes.

E, en proba de conformidade, as partes asinan o presente acordo na data da última sinatura electrónica.

Por parte do destinatario último	Por parte do provedor de solucións de modernización adherido
(Data e sinatura, nome completo, DNI, cargo e, de ser o caso, nome completo e NIF da entidade representada)	(Data e sinatura, nome completo, DNI, cargo e, de ser o caso, nome completo e NIF da entidade representada)



**XUNTA
DE GALICIA**CONSELLERÍA DE
INFRAESTRUTURAS
E MOBILIDADE

ANEXO XIV

DECLARACIÓN RESPONSABLE DO CUMPRIMENTO DO PRINCIPIO DE «NON CAUSAR
PREXUÍZO SIGNIFICATIVO» AOS SEIS OBXECTIVOS AMBIENTAIS NO SENTIDO DO
ARTIGO 17 DO REGULAMENTO (UE) Nº 2020/852

DATOS DA PERSOA SOLICITANTE

NOME/RAZÓN SOCIAL	PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO	NIF
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>

E, NA SÚA REPRESENTACIÓN (deberá acreditarse a representación fidedigna por calquera medio válido en dereito)

NOME/RAZÓN SOCIAL	PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO	NIF
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>

Información sobre a actuación no Plan de recuperación, transformación e resiliencia (PRTR)

(para completar pola Administración concedente)

Identificación da actuación	<input type="text"/>
Compoñente do PRTR a que pertence a actividade	<input type="text"/>
Medida (reforma ou investimento) do compoñente PRTR a que pertence a actividade indicando, de ser o caso, a submedida	<input type="text"/>
*Etiquetaxe climática e ambiental asignada á medida (reforma ou investimento) ou, de ser o caso, á submedida do PRTR (anexo VI, Regulamento 2021/241)	<input type="text"/>

* NOTA: se a medida non dispón dunha etiqueta asignada que recoñeza contribución climática e ambiental, indíquese: «Sen etiqueta».


DECLARA:

Que presentou solicitude para a actuación arriba indicada para o proxecto denominado

e este cumpre o seguinte:

A. As actividades que se desenvolven nel non ocasionan un prexuízo significativo aos seguintes obxectivos ambientais, segundo o artigo 17 do Regulamento (UE) nº 2020/852 relativo ao establecemento dun marco para facilitar os investimentos sustentables mediante a implantación dun sistema de clasificación (ou «taxonomía») das actividades económicas ambientalmente sustentables:

1. Mitigación do cambio climático.
2. Adaptación ao cambio climático.
3. Uso sustentable e protección dos recursos hídricos e mariños
4. Economía circular, incluídas a prevención e a reciclaxe de residuos.
5. Prevención e control da contaminación á atmosfera, á auga ou ao solo.
6. Protección e restauración da biodiversidade e os ecosistemas.

 **SEDE ELECTRÓNICA** Este formulario só poderá presentarse nas
<https://sede.xunta.gal> formas previstas na súa norma reguladora

CVE-DOG: c4vx7e4-h4r6-ksr0-n6v4-tcvd482etnx4

**XUNTA
DE GALICIA**

ISSN1130-9229

Depósito legal C.494-1998

<https://www.xunta.gal/diario-oficial-galicia>

**XUNTA
DE GALICIA****CONSELLERÍA DE
INFRAESTRUTURAS
E MOBILIDADE****ANEXO XIV
(continuación)****DECLARA: (continuación)**


B. As actividades adecúanse, de ser o caso, ás características e condicións fixadas para a medida e submedida da compoñente e reflectidas no Plan de recuperación, transformación e resiliencia. Destaca:
(para completar pola Administración concedente coas condicións específicas da medida que se desexe destacar, que deberán cumprirse, se as houber segundo os números 3, e 8 do documento do compoñente dentro do Plan de recuperación, transformación e resiliencia).

C. As actividades que se desenvolven no proxecto cumpriran a normativa ambiental vixente que resulte de aplicación. Entre outras
(para completar pola Administración concedente coa normativa cuxo cumprimento se desexe destacar).

D. As actividades que se desenvolven non están excluídas para o seu financiamento polo Plan conforme a Guía técnica sobre a aplicación do principio de «non causar un prexuízo significativo» en virtude do Regulamento relativo ao Mecanismo de recuperación e resiliencia (2021/C 58/01), a proposta de decisión de execución do Consello, relativa á aprobación da avaliación do Plan de recuperación e resiliencia de España e o seu correspondente anexo.

1. Construción de refinañas de cnu, centrais térmicas de carbón e proxectos que impliquen a extracción de petróleo ou gas natural, debido ao prexuízo ao obxectivo de mitigación do cambio climático.
2. Actividades relacionadas cos combustibles fósiles, incluída a súa utilización ulterior, excepto os proxectos relacionados coa xeración de electricidade e/ou calor utilizando gas natural, así como coa infraestrutura de transporte e distribución conexas, que cumpran as condicións establecidas no anexo III da Guía técnica da Comisión Europea.
3. Actividades e activos no marco do réxime de comercio de dereitos de emisión da UE (RCDE) en relación coas cales se preveza que as emisións de gases de efecto invernadero que van provocar non se situarán por baixo dos parámetros de referencia pertinentes. Cando se preveza que as emisións de gases de efecto invernadero provocadas pola actividade subvencionada non van ser significativamente inferiores aos parámetros de referencia, deberá facilitarse unha explicación motivada respecto diso.
4. Compensación dos custos indirectos do RCDE.
5. Actividades relacionadas con vertedoiros de residuos e incineradoras. Esta exclusión non se aplica ás accións en plantas dedicadas exclusivamente ao tratamento de residuos perigosos non reciclables, nin nas plantas existentes, cando as ditas accións teñan por obxecto aumentar a eficiencia enerxética, capturar os gases de escape para o seu almacenamento ou utilización, ou recuperar materiais das cinzas de incineración, sempre que tales accións non supoñan un aumento da capacidade de tratamento de residuos das plantas ou unha prolongación da súa vida útil. Estes pormenores deberán xustificarse documentalmente para cada planta.
6. Actividades relacionadas con plantas de tratamento mecánico-biolóxico. Esta exclusión non se aplica ás accións en plantas de tratamento mecánico-biolóxico existentes, cando as ditas accións teñan por obxecto aumentar a súa eficiencia enerxética ou o seu reacondicionamento para operacións de reciclaxe de residuos separados, como a compostaxe e a dixestión anaerobia de biosresíduos, sempre que tales accións non supoñan un aumento da capacidade de tratamento de residuos das plantas ou unha prolongación da súa vida útil. Estes pormenores deberán xustificarse documentalmente para cada planta.
7. Actividades nas que a eliminación a longo prazo de residuos poida causar danos ao ambiente.

E. As actividades que se desenvolven non causan efectos directos sobre o ambiente nin efectos indirectos primarios en todo o seu ciclo de vida, entendendo como tales aqueles que poidan materializarse tras a súa finalización, unha vez realizada a actividade.

 **SEDE ELECTRÓNICA** Este formulario só poderá presentarse nas
<https://sede.xunta.gal> formas previstas na súa norma reguladora

CVE-DOG: c4vx7e4-h4r6-ksr0-n6v4-tcvd482etnx4

**XUNTA
DE GALICIA**

ISSN1130-9229

Depósito legal C.494-1998

<https://www.xunta.gal/diario-oficial-galicia>


**XUNTA
DE GALICIA**CONSELLERÍA DE
INFRAESTRUTURAS
E MOBILIDADEANEXO XIV
(continuación)

SINATURA DA PERSOA SOLICITANTE OU REPRESENTANTE

LUGAR E DATA

 , de de Financiado por
la Unión Europea
NextGenerationEUGOBIERNO
DE ESPAÑA
MINISTERIO
DE TRANSPORTE, MOVILIDAD
Y AGENDA URBANAPlan de Recuperación,
Transformación y Resiliencia

Dirección Xeral de Mobilidade

 **SEDE ELECTRÓNICA** Este formulario só poderá presentarse nas
<https://sede.xunta.gal> formas previstas na súa norma reguladora

CVE-DOG: c4vxe7e4-h4r6-ksr0-n6v4-tcvd482etnx4

**XUNTA
DE GALICIA**

ISSN1130-9229

Depósito legal C.494-1998

<https://www.xunta.gal/diario-oficial-galicia>